

Completa a nosa oferta a existencia dun amplo espazo verde nas inmediacións con mobiliario urbano, e un conxunto arqueolóxico formado por dous asentamentos da idade do Ferro: o castro Pequeno e o castro Grande de Neixón; este último en proceso de escavación, o que garante un achegamento á arqueoloxía de campo e as labores de investigación e descubrimento do noso pasado.



Condições:

- Entrada ó centro gratuíta, así como a visita ó conxunto arqueolóxico dos Castros de Neixón .

- Servicio de monitor (guía gratuíto, nas dependencias do propio centro).

- A visita ó centro realizarase no horario estipulado (de verán e de inverno), salvo excepcións, no caso de grupos organizados.

- O conxunto arqueolóxico dos Castros de Neixón pode ser visitado permanentemente en horario diúrno.



¿ONDE ESTÁ E CANDO VISITALO?

Emprazado no litoral norte da Ría de Arousa, a un paso da Serra do Barbanza, a tres km. da vía rápida e a sete km. do casco urbano de Boiro.

Enderezo:

Centro Arqueolóxico do Barbanza «Castros de Neixón»,
Lugar de Neixón - Nine, s/n. Cespón.
15991 Boiro (A Coruña).

Tel.: 981 84 38 10, Fax: 981 84 38 23

e-mail: centroarqueoloxico@boiro.org

Horario:

De luns a venres de 10:00 a 14:00 h., e de 16:00 a 19:00 h.

Sábados, domingos e festivos, de 11:00 a 14:00 h., e de 17:00 a 20:00 h.

(En caso de grupos é preciso notificalo con antelación para poder organizar a visita).

+ info: www.boiro.org>cultura e xuventude>

centro arqueolóxico > programación actividades 2007



Centro Arqueolóxico
do Barbanza

Centro Arqueolóxico do Barbanza

«Castros de Neixón»



O CENTRO: ¿QUE É?

O *Centro Arqueolóxico do Barbanza* é un centro de interpretación público destinado a amosar os principais vestixios arqueolóxicos do noso pasado.

Atraveso das distintas salas e exposicións achega ós visitantes a momentos tan distantes como é o neolítico ou a idade dos metais, centrándose en aspectos como o megalitismo, a arte rupestre ou o mundo castrexo.

O centro conta con: unha sala permanente e outra itinerante, biblioteca, sala de audiovisuais, tenda, un pequeno laboratorio... que tratan de axudar a cumprir os obxectivos marcados neste tipo de centros de interpretación.

¿A QUEN ESTÁ DESTINADO?

A todas aquelas persoas que lles interese coñecer o pasado a través dos vestixios arqueolóxicos. Dada a versatilidade do centro con medios e persoal específico, podemos atender a demanda de nenos, adultos ou maiores, sen que sexa preciso un coñecemento previo de arqueoloxía ou do noso pasado; dispomos das ferramentas axeitadas para levar a cabo esa labor.

SERVIZOS E CONDICIÓNS DA VISITA

Servizos:

- *Biblioteca especializada* (Arqueoloxía, Historia, Etnografía...)

- *Programas didácticos*, destinados especialmente a escolares e asociacións culturais.

- *Organización e programación* de visitas guiadas para grupos ás salas do centro e o conxunto arqueolóxico dos Castros de Neixón (gratuíto).

- *Organización e programación* de visitas guiadas para grupos a puntos de interese cultural pola Península do Barbanza.

- *Programa didáctico cultural específico* (cursos, coloquios, obradoiros, rotas, conferencias...)

(Estes servizos e condicións poden variar segundo a normativa vigente en cada momento).

	Día	Horario	Tipo de Actividade	Temática	Público Xeral	Centros Educativos	Confirmación asistencia	
XANEIRO		Apertura do Centro	Exposición	Restos arqueolóxicos do Castro Grande de Neixón	X	X		
		Apertura do Centro	Certame -Exposición	III Certame fotográfico <<Imaxes do Pasado o Presente>>	X	X		
FEBREIRO	10	12:30		Entrega de premios do certame fotográfico.				
	24-25	Apertura do Centro	Charlas – coloquios	Iº Encontro Arqueolóxico do Barbanza	X	X	Sí	
MARZO	20	11:30 -13:00	Conferencia	Temática castrexa		X	Sí	
	21-22	10:00 -13:00	Obradoiro	Cerámica		X	Sí	
	23	9:45 -14:45	Rota arqueolóxica	Os castros de Arousa Norte. Unha aproximación as estratexias de ocupación do territorio durante a Idade do Ferro.		X	Sí	
	31	9:45 -14:45	Rota arqueolóxica	Os castros de Arousa Norte. Unha aproximación as estratexias de ocupación do territorio durante a Idade do Ferro.		X	Sí	
ABRIL	6	Apertura do Centro	Exposición	Do xacemento o museo	X	X		
	7	9:45 -14:45	Rota arqueolóxica	En busca dos petroglifos	X		Sí	
	9-13	19:00 -22:00	Rota arqueolóxica	Espazos simbólicos. Aproximación a necrópole megalítica das chans do Barbanza	X		Sí	
MAIO	9-13	19:00 -22:00	Curso	Monitor -guía de rotas do patrimonio arqueolóxico II	X		Sí	
		Apertura do Centro	Exposición	Fósiles	X	X		
	11	11:30 -12:30	Exposición	Etnografía: Aparellos, artes de pesca e cultivo do mexillón	X	X		
			Conferencia	Temática etnográfica vencellada a exposición temporal do momento.		X	Sí	
	19	9:45 -14:45	Rota arqueolóxica	En busca dos petroglifos	X		Sí	
	20	17:00 -18:00	Charlas – coloquios	Domingos etnográficos	X		Sí	
	24-25	10:00 -13:00	Obradoiro	Temática etnográfica		X	Sí	
XUÑO	26	10:00 -13:00	Rota etnográfica	A flota boirense: a pesca e o cultivo do mexillón	X		Sí	
	27	17:00 -18:00	Charlas – coloquios	Domingos etnográficos	X		Sí	
	31	10:00 -13:00	Rota etnográfica	A flota boirense: a pesca e o cultivo do mexillón		X	Sí	
	3	17:00 -18:00	Charlas – coloquios	Domingos etnográficos	X		Sí	
	10	17:00 -18:00	Charlas – coloquios	Domingos etnográficos	X		Sí	
XULLO	28-29	10:00 -13:30	Obradoiro	Obradoiro metalúrxico		X	Sí	
	30	9:45 -14:45	Rota arqueolóxica	En busca dos petroglifos	X		Sí	
		Apertura do Centro	Campo de Trballo Arqueolóxico	Restos arqueolóxicos do Castro Grande de Neixón	X	X		
	12	11:00 - 13:30	Exposición	Rota arqueolóxica e etnográfica dende o mar	X		Sí	
	14	9:45 -14:45	Rota arqueolóxica	Os castros de Arousa Norte. Unha aproximación as estratexias de ocupación do territorio durante a Idade do Ferro.	X		Sí	
	15	9:45 -14:45	Rota arqueolóxica	A visibilidade e invisibilidade dos espazos de ocupación: dende o Neolítico ata a Actualidade.	X		Sí	
	19	11:00 - 13:30	Rota etnoarqueolóxica	Rota arqueolóxica e etnográfica dende o mar	X		Sí	
	21	9:45 -18:00	Rota arqueolóxica	Ruta da auga: aproximación ó complexo hidráulico do río Beluso. Infraestructuras e usos da auga.	X		Sí	
	22	9:45 -14:45	Rota arqueolóxica	En busca dos petroglifos	X		Sí	
	28	9:45 -18:00	Rota arqueolóxica	Per Loca Marítima	X		Sí	
	29	9:45 -14:45	Rota arqueolóxica	Espazos simbólicos. Aproximación a necrópole megalítica das chans do Barbanza	X		Sí	
	AGOSTO		Apertura do Centro	Campo de Trballo Arqueolóxico	Restos arqueolóxicos do Castro Grande de Neixón	X	X	
		4	9:45 -14:45	Rota arqueolóxica	Rotas polo patrimonio descoñecido	X		Sí
9		11:00 - 13:30	Rota etnoarqueolóxica	Rota arqueolóxica e etnográfica dende o mar	X		Sí	
11		9:45 -14:45	Rota arqueolóxica	Ruta da auga: aproximación ó complexo hidráulico do río Beluso. Infraestructuras e usos da auga.	X		Sí	
11		22:00 - 02:00	Evento lúdico	Noites no Neixón	X		Sí	
18		9:45 -18:00	Rota arqueolóxica	Per Loca Marítima	X		Sí	
19		9:45 -14:45	Rota arqueolóxica	En busca dos petroglifos	X		Sí	
23		11:00 - 13:30	Rota etnoarqueolóxica	Rota arqueolóxica e etnográfica dende o mar	X		Sí	
25		9:45 -14:45	Rota arqueolóxica	Os castros de Arousa Norte. Unha aproximación as estratexias de ocupación do territorio durante a Idade do Ferro.	X		Sí	
26		9:45 -14:45	Rota arqueolóxica	Espazos simbólicos. Aproximación a necrópole megalítica das chans do Barbanza	X		Sí	
SETEMBRO		1	9:45 -14:45	Rota arqueolóxica	Albores da industrialización en Boiro: Aproximación os complexos pre-industriais.	X		Sí
	8-9	11:00 -14:00	Xornada portas abertas	A molinoloxía: os muíños de Brazos	X			
	8	17:00 -20:00	Rota arqueolóxica	Ruta da auga: aproximación ó complexo hidráulico do río Beluso. Infraestructuras e usos da auga.	X		Sí	
	9	9:45 -14:45	Rota arqueolóxica	A visibilidade e invisibilidade dos espazos de ocupación: dende o Neolítico ata a Actualidade.	X		Sí	
	16	9:45 -14:45	Rota arqueolóxica	En busca dos petroglifos	X		Sí	
OUTUBRO	22	16:00 -20:00	Rota arqueolóxica	Patrimonio descoñecido	X		Sí	
	6-7	Apertura do Centro	Certame	IV Certame fotográfico: <<Imaxes do pasado o presente>>	X	X	Sí	
	13	11:00 -14:00	Xornada portas abertas	A molinoloxía: os muíños de Brazos	X			
NOVEMBRO		17:00 -20:00	Rota arqueolóxica	A visibilidade e invisibilidade dos espazos de ocupación: dende o Neolítico ata a Actualidade.	X			
		16:00 -20:00	Rota arqueolóxica	Pezas do castro de Achadizo	X	X		

NOTA: Esta información é orientativa e pode estar suxeita a cambios puntuais, polo cal é aconsellable porse en contacto co Centro Arqueolóxico para maior información conforme se acheguen as datas dos eventos.